

Nos confíns da literatura galega: escritores asturianos en galego

XAVIER FRÍAS CONDE

ESCRITORES ASTURIANOS NA SÚA LINGUA: A GALEGA

A literatura galega, tanto desde o punto de vista dos creadores como dos críticos, ten unha débeda cunha parte dela mesma. Estoume a referir á literatura galega feita por asturianos, tal como avanzo no título. Soamente existe un autor de orixe asturiano cuxa sona como literato en galego figura nos manuais da historia da literatura galega: Armando Cotarelo Valledor. Fóra del, o resto dos autores pasaron desapercibidos, mesmo en boa medida os hodiernos, cando unha xeración de escritores en lingua galega da comarca máis occidental do Principado de Asturias, a Terra Eo-Navia ou Navia-Eo, está a producir unha obra que merece ser tida moi en conta.

O feito de que haxa unha parte de Asturias que se expresa en galego supón que os autores que usan as formas dialectais desta área forman parte da órbita cultural e literaria galega. Mais de feito isto non é así por unha serie de motivos que analizarei máis adiante.

A característica máis senlleira da literatura galega de Asturias é que está feita, en case toda a súa totalidade, no galego local, é dicir, que os autores desta bisbarra, agás algúns modernamente e contadas figuras de antano, só utilizan o seu dialecto como medio de expresión literaria. Con todo, o uso do idioma galego nesta bisbarra Eo-Navia está recollido xa desde os primeiros tempos do idioma. Do século XIII¹ é este documento do Mosteiro de Vilanova de Oscos:

In Dey nomine, amen. Cunusçuda cousa seia a quantos esta carta viren commo eu Maria Uicentez de Cedamona vendo a uos abbade don Guillermo de Santa Maria de Uilla Noua d'Oscos e ao conuento desse mismo lugar quanta heredade eu aio e deuo auer en Çedamona por

¹ Publicado no Boletín do IDEA n.º 102, 1981, p. 143.

preço que a mi e a uos ben prougo, conuen a saber: hun boy boon e çen solidos, preço que que a mi a uos ben prougo, do qual preço me outor-go por ben pagada e sse mays val doo por Deus por mina alma e de meus parentes. E de este dia en deante seia tirada de nosso poder e seia metuda en no uosso e no do moestero e se alzen da mina parte ou da aldeia contra esta uençon e contra esta doaçon veer, aia a maldiçon de Deus e a mina e con Iudas eno inferno iasca por senpre e aa uoz del rey peyte con morabetinos e dobre en Gyo(...)

Son máis os documentos desta caste que se conservan, e mesmo atopamos algunha mostra mesmo do século XVI, aínda que o galego asturiano caeu no mesmo desuso có resto do idioma a partir do século XV.

Evidentemente, literatura, no sentido moderno da palabra, non se atopa ata practicamente o século XX. Sen embargo, antes de facermos un repaso aos fenómenos literarios feitos polos asturianos galegófonos do Eo-Navia, imos ter en conta as características do dialecto galego falado en Asturias e algúns condicionantes de tipo sociolóxico que axudan a explicar o illamento á que se viu sometida a cultura da zona.

O MARCO LINGÜÍSTICO E SOCIOLÓXICO DA BISBARRA EO-NAVIA

A lingua galega é a lingua vehicular dos dezaioito concellos máis occiden-tais de Asturias, comprendidos basicamente entre as cuncas dos ríos Navia e Eo, de aí que se lle adoite chamar a Terra Eo-Navia. Este territorio serve de ponte entre Galiza e Asturias no ámbito lingüístico, aínda que a súa galeguida-de idiomática está fóra de toda dúbida². Con todo, trátase dunha zona monta-ñosa —agás na Mariña— que a fai de moi difícil acceso. Este elemento favo-receu que o galego da zona mantivese uns arcaísmos que o fan único dentro do corpus galego-portugués e ao mesmo tempo mantivese máis semellanzas cos falares asturo-leoneses veciños que o resto do idioma.

Moi brevemente, sinalarei aquelas trazas máis senlleiras do galego astu-riano que lle fan ter unha personalidade dialectal moi marcada. No eido fóni-co, é de subliñar a conservación do —l— intervocálico en case todos os casos (*avolo, calente*), a presenza do sufixo -ín (-ía, -íos, -ías) fronte aos do galego común -iño(s)/-a(s), como en *camín, sobrín, madría*; paralelamente *chen, estén, fren, centén* fronte a *cheo, esteo, freo, centeo*. Hai unha zona na lende co asturiano e que se estende pola Mariña ata a metade do concello de Tapia que

² Os autores que recoñecen a galeguidade lingüística da fala do Navia-Eo son moitísimos. Abon-de citar o primeiro a DÁMASO ALONSO (1955), e seguir con CARBALLO CALERO (1971), C. MUÑIZ (1979), J. GARCÍA GARCÍA (1981), X. BABARRO (1994), X. FRÍAS CONDE (1995) e un longuíssimo etcé-tera de autores. Fronte a eles, e por motivos alleos á filoloxía, algúns persoeiros da Academia da Lin-gua Asturiana comezan a pór en dúbida a galeguidade do idioma.

palataliza L- e —LL— coma o asturiano e mailo catalán. No vocalismo, é típico do galego asturiano que as vocais trabadas con nasal sexan abertas, á diferenza do que ocorre no resto do galego (coincidindo nisto co catalán)

No eido morfolóxico, os artigos indefinidos son en xeral *un, uha, uns* (/ús/), *uhas*, mentres os definidos teñen a forma *el* para o masculino e mailo neutro singular, así como nomes femininos que comececen por vocal átona: *el home, el outra cousa*. Nos posesivos cómpre citar *mía, tou, sou*, etimolóxicos e tamén son etimolóxicos *elos, estos, esos, aqueles*, fronte ás formas en —es do galego-portugués xeral. Entre os indefinidos hai algúns comúns co asturiano como *daquén e daqué*, e ata un partitivo *del, dela, delos, delas*.

Sen pór en dúbida, como xa dicíamos enantes, a galeguidade do dialecto, si é ben certo que a súa persoalidade, dentro do corpus galego, é ben senlleira. É, no noso entender, o dialecto galego máis diferenciado do que se entende xeralmente por *galego común*.

O outro aspecto é o sociolóxico. Os galegofalantes de Asturias non tiveron consciencia de falaren galego ata hai moi pouco tempo, e de feito non toda a poboación ten tal consciencia. Durante séculos creron que falaban algunha variante do asturiano occidental, variante moi estremada, mais asturiano ao cabo, dado que se tendeu a identificar o territorio xeográfico co territorio lingüístico. Esta pertenza xeográfica a Asturias levou aos intelectuais da zona, sen formación filolóxica evidentemente, a voltaren os seus ollos cara ao centro de Asturias. Dese xeito, non é de estrañar que houbese autores do Eo-Navia que escribisen en asturiano estándar da súa época e que as antoloxías da literatura asturiana inclúan autores en galego como escritores en bable ou asturiano.

Non sempre esta visión foi así. Xa dixen enantes que Cotarelo Valledor é unha excepción notoria e xunta el Antolín Santos Ferraría, do cal me ocuparei máis adiante e que tamén foi escritor que usou o galego estándar.

Así e todo, o elemento sociolóxico dunha comunidade de asturianos xunto co lingüístico dun dialecto galego moi afastado do resto do idioma, danlle a esta bisbarra unhas características de aillamento dentro non só de Asturias senón tamén das áreas veciñas galegas. De feito, hoxe o culturalmente galego ten moitas dificultades de penetrar, case tantas como o que vén do centro de Asturias. Iso explica por qué existe unha literatura propia, aínda que sexa escasa e de desigual calidade.

O PRIMEIRO TERCIO DO SÉCULO XX

O Eo-Navia non fica alleo aos movementos de rexurdimento das linguas españolas non castelás. Modestamente, algúns autores comezan a publicar traballos na lingua propia, sempre a considerala en inferioridade de condicións fronte ao castelán e sen moitas ansias literarias.

Xa desde eses primeiros momentos nos que atopamos o galego escrito, hai que sinalar unha bipolaridade que aínda hoxe en día é parte da idiosincrasia dos autores do Eo-Navia: uns ollarán para Galiza e sentiranse parte da cultura galega; outros ollaran cara ao centro de Asturias e consideraranse escritores en bable. Entre estes segundos hainos que usaron, ademais do seu galego, o asturiano literario, tan afastado do galego eonaviego.

Máis que de literatura creativa (poesía ou narrativa), nestes primeiros momentos cómpre falar de articulismo, é dicir, o uso literario do artigo, en publicacións locais, onde ás veces aparecen tamén poemas ou narracións de marcado sabor local. En xeral, a calidade literaria destes artigos é pouca.

Os artigos dos xornais e dos folletos son habituais desde o comezo do século XX ata o estoupido da Guerra Civil Española no 36. Foron, decote, elementos de uso partidario e déronse na zona que daquela, e aínda arestora, se pode considerar a de maior movemento cultural: a beira do Eo desde A Veiga ata Tapia. Por citarmos só uns nomes, están Manuel Fernández García (Serantes 1888-?), Pedro G. Arias (1877-?) e José de Villalaín (Navia 1878-Salinas 1939). É mester salientar o xornal *El Castropol* como o máis importante desa xeira, semellante a tantos e tantos xornais galegos coetáneos e de vida tamén efémera.

Non se debe buscar en ningún destes casos unha mínima procura dun subestándar para o galego asturiano. Cadaquén escribe como lle vén en gana, ficando así os autores locais á marxe das tendencias estandarizadoras que existían en Galiza e en Asturias.

No eido poético, o primeiro soneto escrito na comarca eonaviega é de Bernardo Acevedo (Boal, 1849; Oviedo, 1920), grande estudioso do occidente asturiano, quen estudiou non só os costumes locais, senón que se interesou mesmo polo dialecto galego de Asturias, aínda que non o considerou galego, senón asturiano; el foi o primeiro recompilador do léxico galego asturiano. Destaca tamén a súa faceta de poeta, xeralmente en bable, mais cunha única composición en galego de Boal, este soneto escrito na memoria do ilustre Xovellanos:

*Vusté era un gran señor, eu era un probe;
Vusté era un sabio; eu era un ignorante;
Eu era un ananín, vusté un xigante;
Pedra fina vusté, e eu un adobe.*

*¡Dios axuntounos!... E se a min me move
A Piedá pra ir de Xove asta Lhevante,
A traición e a inxusticia, malandante,
Tráenlo a vusté dende Lhevante a Xove.*

*Sirve a España leal, e al soberano
E páganlle en traiciois os tramposos:
Sírvolo eu a vusté... E chámame irmao*

*Se lle erguen uha estauta, xenerosos
Mañá en Xixón, supriqué a sous paisanos
¡Que fagan a pilastra cos meus ósos..!*

Inxustamente esquecido pola crítica literaria galega, houbo outro magnífico poeta da beira do Eo. Trátase de Antolín Santos Mediante Ferraría (Taramundi, 1880; Piantón —A Veiga—, 1944). A súa obra poética foi estudada en profundidade por Xoan Babarro (Babarro, 95). Foi galardoada a súa composición *A un muíño desfeito* en 1925 polo Círculo das Artes de Lugo. Segundo Babarro, os eixos temáticos da súa obra son *contos e tradicións orais, cantigas ao estilo popular, cantos ás festas da comarca e a tipos populares (o gaiteiro, o zoqueiro, o albéitar), poemas á paisaxe, aos traballos e á vida campesiña, denuncia da situación do labrego e anticaciquismo*.

Usa o galego estándar da época e non hai nos seus temas elementos que permitan identificalo coma un autor orixinario do Eo-Navia. No lingüístico, en troque, si aparecen ás veces elementos dialectais do galego eonaviego. Entre as súas poesías salientan as de carácter popular; véxase esta pequena mostra:

*A Parca prestoulle axuda,
Segándolle o fío da vida
O marido, alma perdida,
que o quilo no inferno suda,
E Lucía, xa viuda,
Rezou con fervor crecido:
¡Meu San Antoño querido!
Anque me zurre a badana
Xa na primeira semana,
Concédeme outro marido.*

Hai outros autores tamén anteriores á Guerra Civil cuxa poesía merece ser citada. A diferenza entre estes e Santos Ferraría xace sobretudo no estándar que empregan, posto que as temáticas coinciden: denuncia do caciquismo, gosto polo popular e canto á paisaxe, elemento este que se achará ao longo de toda a poética deste século.

Estes poetas coetáneos os que me veño referindo son Ramón García González (Castropol, 1870-1938) quen tentou pola primeira vez na literatura galega de Asturias alcanzar unha lírica enxebre de carácter modernista. A súa obra máis coñecida é un longuíssimo poema que leva por título *El xardín* e que comeza así:

*Cubertos xa de follas
Se mostraban luxosos os rosales;
Tal cual botón entre elas
El cáliz entreabre
E asomaban as rosas con apuro
De abrirse e de soltarse.*

*El aire era caliente; xa dos bosques
Gustaba ben a friaxe.*

O outro poeta coñecido é Conrado Villar Loza (Taramunde, 1873; Tapia, 1962), quen ademais foi dramaturgo, inaugurando unha tradición de teatro popular arredor da vila de Tapia de Casarego que aínda subsiste hoxe en día. Coñéceselle pola súa poesía da emigración, tema moi recorrente tamén no resto da literatura galega. A súa composición máis coñecida é un poema intitulado *Lonxe de aquí*, as palabras dunha nai que reclama o seu fillo emigrante e que comeza así:

*¡Lonxe, lonxe de aquí,
Onde lle chaman A Habana,
Teño al meu fillo querido,
Teño al meu fillo del alma!*

No poema alternan as voces do fillo e mais da nai que chegan a ter un diálogo con abonda forza expresiva. Máis unha vez a *saudade*, ou empregando a palabra propia do galego de Asturias, a *señardade*, fan acto de presenza nun poema que é abondo sinxelo no tocante á súa estrutura mais moi emotivo. Continúa logo:

*¡Que Dios te oia, meu fillo,
E te traia pra esta terra,
Onde te esperan os brazos
E os cariños desta vella.*

* * *

*¡Lonxe, mui lonxe de aquí,
Onde lle chaman A Habana,
Teño el meu fillo querido,
Teño al meu fillo del alma!*

Achase por último José Fernández García, Pepe Muestras (Navia 1878-1942), autor de menor calidade literaria e que gostou dunha poesía moi popular e de temática centrada no cotián da súa vila de Navia. Dentro do panorama destes escritores do Eo-Navia, hai que citar a Antonio García Oliveros, AGO, escritor naviego que escribiu toda a súa obra en asturiano, con obras como *Cuentiquinos del escaño* (1945) e *Melecina Casera* (1953). Ambos os libros son de contos en verso, as máis das veces en clave de humor e cheos de ironía, cun uso xeitosísimo da lingua.

A LITERATURA EONAVIEGA DE 1939 A 1975

Como é doado supor, a bisbarra ultraoccidental de Asturias sufriu o mesmo retroceso na creación literaria que o resto das áreas españolas con lin-

gua propia. Con todo, hai certos autores que continúan a tradición encetada anos atrás e manteñen un cultivo do poético no galego local que non terá, loxicamente, as connotacións sociais e políticas que se podían achar anteriormente. A temática será sempre de canto á terra e unha manifestación da señardade cando o poeta se acha lonxe da súa terra natal.

Con todo, é época na que algúns estudiosos se interesan polo galego de Asturias. Dámaso Alonso percorreu a zona nos anos cincuenta e froito das súas pescudas publicou unha serie de interesantes artigos (vid. a bibliografía á fin deste estudo). Despois outros filólogos continuarían este labor, centrándose primeiramente nalgúns concellos e finalmente con obras de conxunto do galego de Asturias.

No estrictamente literario, novamente a poesía é o único xénero que merece ser citado. O primeiro autor coñecido é o boalés Benjamín López, cuxa obra literaria está recollida nun único libro *Montañas de la Costa Verde* (1960). Trátase dunha breve obriña publicada postumamente de tan só 28 páxinas. O carácter de canto á terra abrangue desde a primeira á última páxina, mesturándose poemas en castelán e galego, como tamén ocorreu con Daniel Vargas.

Cunha poesía máis refinada mais tamén moi tradicional escribiu Daniel Vargas Vidal, orixinario de Tapia de Casarego e cuxa obra literaria está recollida no libro *Añoranzas y recuerdos de Tapia de Casarego* (1967). Este libro, de 335 páxinas, consta de dúas partes, a primeira é un percorrido por momentos da vida do autor en Tapia, con textos en castelán onde con frecuencia aparecen parágrafos enteiros en galego. Aquí úsase moito a anécdota coma elemento que provoca unha caste de confesión do autor, xa adulto, ao lector cando este segundo era rapaz. Unha boa mostra de textos en prosa (anécdotas, concretamente) veñen no seguinte apartado (“literatura costumista”), co seu peculiar de desefado coñecemento óptimo da lingua sobre todo nos niveis populares. É un fino observador da xente e do contorno no que se move.

Coma poeta ten unha longa colección de poemas dentro do seu único libro. Tamén aquí hai composicións en galego e en castelán, mais cómpre ver nel que aquilo que quere cantar nun ton máis elevado faino empregando o español, mentres que o galego déixao para cantar elementos relacionados co seu pasado, coa súa infancia, coa paisaxe de Tapia, con xogos infantís. Unha mostra da súa poesía é este poema:

*Como el leite de burra, el “mestrín” ,
levaba a súa ciencia a domicilio
pra esos poucos que queren discurrir
con algo, sobre as cousas, de bon xuício.
Probe en roupas, mais rico en corazón,
e con alto concepto da virtú,
naide lle dera faltas de atención;
nin a propia muller consinte el “tu” .*

Non deu moito máis de si esta época. Haberá que agardar aos anos oitenta para que volva unha literatura máis viva. Nembargante, estes dous autores que vimos de citar serven de ponte entre os primeiros autores e mais os actuais. Trátase dunha tradición moi local mais que xa vai camiño de facer un século.

A ÉPOCA ACTUAL

Desde 1975, como xa dixemos, as circunstancias mudaron en toda España. O Eo-Navia non é alleo a ese acordar que se dá tanto en Galiza coma en Asturias. Mais este recuperado interese pola lingua e culturas autóctonas tivo novamente dous referentes distintos: dunha banda, algúns autores mirarán para Galiza, como parte dunha cultura que vén desde a comunidade veciña e que atravesa o Eo para chegar aos límites lingüísticos; doutra banda, Oviedo servirá como único referente de dinamismo cultural, de modo que a literatura eonaviega ha ser parte da asturiana.

Malia a división entre integradoristas e aillacionistas, pódese afirmar que é agora cando a literatura galega de Asturias é máis abundante e abrangue diversos xéneros e temáticas, como veremos máis adiante. Áchanse, mesmo, mostras de literatura infantil.

TRES XERACIÓNS

Os escritores que comezaron a escribir a partir de 1975 responden a tres épocas ben distintas. Entre os primeiros están todos aqueles nados nas décadas dos anos vinte e trinta; entre os segundos os nados nas décadas dos corenta e dos cincuenta; na terceira e derradeira, os nados xa na década dos sesenta en adiante. Estes tres grupos son aproximativos e non posúen unhas características moi marcadas. Probabelmente, os mellores autores na literatura galega de Asturias son os últimos, escritores todos eles cunha formación universitaria e coñecedores doutra realidade culturais veciñas.

Do primeiro grupo podemos citar a Manuel García, *El Galano* (Tapia, 1925), autor moi prolífico mais facedor dunha literatura moi popular e de escaso valor literario. Escribe tanto prosa (relatos curtos, os máis deles recollidos no libro *Parzamiques*). Cultiva tamén o sainete localista, cuxa colección completa está recollida no libro *Mariaxes tapiegos*.

Adela Conde Valledor (S. Salvador del Valledor, Allande, 1925) é unha muller autodidacta cuxa sensibilidade poética esquisita se transmite deliciosamente a través dunha poesía moi sinxela en canto á forma mais cargada de intensidade. Escribe temas de intimidade, de amor filial e de señardade, con

verso libre, o cal non é moi normal en poetas do seu tempo, moi suxeitos aínda ao verso con rima e métrica definidas. Toda a súa obra poética (uns vinte poemas) está publicada na revista *O Espello*.

Unha breve mostra do seu labor literario é este poema:

QUIXERA DETER EL TEMPO

*Quixera deter el tempo
coa forza das mías maos,
ver tantos ameiceres
coa sorriso nos beizos.
As noites foron máis curtas
e curto el sou mouro manto.*

É vida al ameicer.

*Canta el galo de mañá,
a roseira abre as súas rosas
de cores bañadas
sobre follas verdes.*

*Elo fai que se torne
a señardade contida,
el sou recordo atristalla
as entrañas del alma.*

*Non miremos para atrás,
é como auga pasada;
erguendo os ollos
á luz del célo
atoparemos sempre camiños novos,
novo sol que alume
os nosos pensamentos
para tender a mao
a quen sal al noso encontro*

Xosentoño do Pallarín (ññ-1996) é o alcume dun sacerdote de Trabada (Lugo), que publicou boa parte da súa poesía na *Freita*. Este curioso personaxe, que nunca deu a coñecer a súa verdadeira identidade, seguiu a normativa do galego dos anos trinta (é logo un dos escasos autores que usou o padrón e non se axustou ao dialecto). Predomina nel a temática relixiosa, achándose moitos golpes de humor nos seus poemas. Do relixioso véxase aquí unha pequena mostra:

*Desque se espallou
que era en Belén nado*

*o Fillo de Deus
 Mesías nunciado,
 entroume engolemia
 de vir visitalo
 por desexar que antes da morte
 complírame ollalo,
 ficando dimpois
 ca gloria contando.*

Cándido Sanjurjo (Abres, A Veiga, 192?) é autor de poemas e contos publicados en xeral nos xornais e revistas da beira do Eo. Moi ancorado tamén no tradicional, usa, porén o galego lucense (máis achegado, logo, ao galego común). Ten máis valor literario que moitos dos seus coetáneos, cunha prosa máis rica e viva, malia ser tamén moi localista.

Desta mesma época é Alejandro Antúnez (Navia, 1933), autor dun libro de versos: *Muchicas del meu llar* e outro de relatos (anécdotas): *Papadíos de Navia*. Como poeta é moi frouxo agás nalgún poema como “Al arribada”, mentres que como prosista a penas logra manter o interese do lector. Ao igual que *El Galano* son autores festexeiros.

Dentro do segundo grupo non hai grandes escritores e continúa a abundar unha literatura de festas que non chega a ter valor literario. Na poesía está Teresa López (Boal, 1950), filla de Benjamín López, que ten unha serie de versos de louvanza á terra natal moi na liña de seu pai. Amósase moi tradicional verbo do metro e cun marcado sabor localista. Un fragmento dun poema desta autora é:

*Al chegar a primavera,
 alégranos a mirada,
 que parecía el monte morto
 e que tu lo resucitaras,
 vense abellas nas frores
 e páxaros nas túas ramas,
 pra criar a súa niada,
 que sintense protexidos
 téndote a ti por casa.*

*Condo fun eu nuha ocasión
 andando por a montaña,
 pra cumprir cuha promesa
 que fixen tando na cama,
 col corpo dolorido
 e el alma atormentada,
 de chegar asta Pastur
 andando por A Escomulgada.*

Cunha temática semellante está César Cimadevilla, que publicou algúns dos seus poemas na revista *A Freita*. O eixo que inspira os seus versos é o río Navia, como noutros autores (como Cándido Sanjurjo) é o río Eo (ou ben a ría).

Probabelmente o mellor narrador deste segundo grupo é Xosé Máximo Fernández (Campos, 1947), autor de tres contos de alto contido fantástico, cun estilo moi persoal e enormemente atraentes, todos situados na Mariña eonaviega. Estes relatos son *Cultivos de humanos en Arret*, *A saga dos Bauer* e mais *Alto segredo de mal estado*. o primeiro e o terceiro están publicados no Espello.

Hai autores desa época, mais trátase en xeral de articulistas. Entre eles cómpre citar a Benigno Fernández Braña (Boal, 1945) e Celso Martínez (Boal, 1937). O primeiro ten os máis dos seus artigos na *Freita*, mentres o segundo é autor dun interesantísimo estudio sobre a literatura popular da zona intitulado *Pragmática e Semántica da literatura oral na comarca Navia-Eo*. Xunta eles áchase tamén Xan Castañeira (A Roda, Tapia, 1942), autor de diversos artigos na *Freita* e pioneiro en escribir en galego en xornais asturiano; é ademais autor dunhas anécdotas (vid., máis adiante) que levan por título *Acordanzas tapiegas*. Tamén como articulista cómpre citar ao xa mentado Xosé Máximo Fernández.

A chegada do derradeiro grupo xeracional, os autores nacido a partir de 1960, supón unha ruptura inmensa verbo de temas, modos, filosofía e comprensión xeral da literatura galega en Asturias tal como a concibían os autores anteriores. Sen renunciar a unha herdanza, estes autores buscarán novos vieiros para desenvolveren unha literatura moderna e de calidade. Deles falarei máis adiante aprofundando no que son e significan para a literatura galega.

AS REVISTAS

Debido á dificultade que supón a edición de libros, as revistas son o medio máis común de expresión literaria no ultraoccidente asturiano. De todas as maneiras, non teñen como obxectivo ser un elemento de difusión da literatura da zona, senón da cultura en xeral, polo que as revistas existentes, agás *O Espello*, recollen toda caste de artigos, os máis deles relativos á bisbarra.

Existe unha paraliteratura que vén da tradición xornalística de comezos de século. Trátase de contos, relatos e anécdotas que se editan en publicacións periódicas locais e mesmo en libros de festas. Estas mostras son moi numerosas mais o seu valor literario adoita ser escaso. Existe, porén, unha certa traxectoria de escrita de artigos. Este xénero, o *articulismo*, ten cabida nas dúas publicacións periódicas en galego da zona e ás cales paso a me referir arreo.

A revista de maior antiguidade é *A Freita*, da cal ata agora apareceron once números. Esta revista, de carácter xeral, comezou a se publicar en 1992, dando cabida a artigos de toda caste e de toda temática. Pola primeira vez, plumas

galegas publican nunha publicación eonaviega. Entre os articulistas habituais desta revista cómpre citar a Benigno Fernández Braña, Xan Castañeira, Xosé Máximo Fernández, Susa Argul Muniz, Xosé Antonio Ron Tejado, etc.

Esta revista comezou a ter un suplemento literario a partir de 1995, *O Espello*. Esta publicación naceu como un proxecto de dar difusión aos autores eonviegos a través dunha edición menos formal que o libro. Ata agora apareceron catro números da revista e mercé a ela se deron a coñecer algúns dos escritores que agora fan a súa obra en galego de Asturias. Ao mesmo tempo, pola primeira vez se están a traducir autores en asturiano ao galego (sexa estándar ou sexa subestándar eonaviego³) e escritores de sona galegos participan desta publicación.

Escritores galegos que publicaron no *Espello* son Fermín Bouza, Vicente Araguas, Miguel Anxo Fernán-Vello e Inma López Silva, xove promesa da narrativa galega. Mais non son estes os únicos autores alleos á comarca que aparecen na revista: o catalán Pau Joan Hernández ten traducido un relato de seu e está a piques de aparecer unha escolma poética do autor en castelán Basilio Rodríguez Cañada e ademais algúns autores en asturiano tamén se achan nas súas páxinas, como Pablo Antón Marín Estrada.

Neste ano de 1998 asistimos ao nacemento de *O Espello* como revista, incluíndo unha nova sección de crítica literaria e novo formato. Pretende ser un dos referentes literarios da cultura galega desde Asturias, sen esquecer ser unha voz dos autores eonaviegos.

A outra revista da zona é *Entrambasaguas*, tamén de carácter xeral e onde teñen cabida sobretudo artigos de carácter local. Non se marca obxectivos literarios e só fai artigos sinxelos dirixidos sobretudo ao público da zona.

Xunta a estas, áchanse os libros de festas editados polos concellos que presentan aquí e acolá textos en galego asturiano, que en xeral non teñen valor literario. É posíbel achar contos (máis ou menos populares ou eruditos) e ata versos, pasando por reflexións do máis variopinto. Neles aparecen tamén as anécdotas, un elemento literario ao que me referirei máis adiante.

A LITERATURA POPULAR

Dentro dos estudos xerais da literatura véñse emprestando cada vez máis atención á literatura popular ou de tradición oral. A Terra Eo-Navia é tan rica

³ Existe un subestándar para o galego de Asturias admitido por parte dos escritores (vid. bibliografía). Todas as citas en galego eonaviego deste traballo se adaptan a estas normas no ortográfico, que é o mesmo do galego padrón. Dentro do subestándar existe a posibilidade de se abeirar moito ao dialecto falado ou de se afastar del e se achegar máis ao estándar vixente con medidas de compromiso entre o galego interior e mais o asturiano; a primeira opción véñse chamando de mínimos e a segunda de máximos, mais ambas fican dentro do normativo.

nela coma calquera outra rexión europea, mantendo unhas formas e modos comúns ao resto da Península Ibérica.

É interesante reseñar moitos traballos que moi recentemente veñen recollendo parte desta riquísima tradición, algúns dos cales xa a encadran dentro das tradicións galegas. Tal literatura, que ten un valor intrínseco, aparece ademais ao longo de todos os periodos literarios que veño estudiando ao longo destas páxinas e nela beben case todos os autores eonaviegos, mesmo os máis modernos. Ten, logo, unha importancia capital e paso a me referir a recolleitas de mostras de literatura popular no Eo-Navia, aínda que ha ser brevemente por ser este un tema que daría para cubrir centenaes de páxinas sen chegar a esgotalo.

En primeiro lugar, hai que recoñecer o elemento da literatura popular máis importante: a *anécdota*. Defínese como un relato breve, baseado en feitos reais, cun fondo humorístico ás máis das veces. A anécdota dá pé, en moitos casos, ao conto erudito (xa sexa de tipo infantil ou para adultos), así como pode ser a orixe de contos tradicionais e de lendas locais.

Como xa dixemos, as primeiras anécdotas populares foron recollidas nos Oscos por Dámaso Alonso (D. Alonso, 1972), e a continuación aparecen en moitos traballos de dialectoloxía (C. Muñiz, 1979; J. García, 1981; X. Frías Conde, 1995) como complemento de textos dos avanditos traballos dialectolóxicos.

Existe, ademais, a anécdota literaria á que xa nos referimos. Hainas de escaso valor literario, publicadas decote nos libros de festas, e tamén algunhas con certa gracia, como *Acordanzas Tapiegas*, de Xan Castañeira, publicadas no número 4 de *O Espello*. Anécdotas tamén son os *Parzamiques* de El Galano⁴. Un autor que xa cultivou este xénero foi Daniel Vargas Vidal na súa obra xa citada *Añoranzas y recuerdos de Tapia de Casariego*, aínda que aquí a narración vai en castelán e os diálogos en galego. Excelente libro de anécdotas é *Serzo no lousado* ao que me referirei despois.

O outro elemento fundamental da literatura popular é o conto tradicional. Existen algunhas publicacións deles, tanto en revistas coma en libros, das que salienta *Contos populares da Terra Navia-Eo*.

ÚLTIMOS AUTORES

Xa entramos no derradeiro grupo de autores, aqueles que naceron a partir de 1960 e que deron unha importante viraxe á literatura galega de Asturias verbo da calidade e da cantidade (especialmente do primeiro). Xa dixemos ao comezo deste apartado que os máis deles están divididos segundo dúas visións

⁴ De feito, a palabra do galego eonaviego *parzamique* ben pode equivaler a *anécdota*.

do idioma, unha primeira, integradorista, que se sente parte da literatura galega aínda que empregue o galego da zona (aínda que non exclusivamente) e a outra que se choe en si mesma, pretendendo ser literatura só para a terra Eo-Navia, chamada aillacionista. Aquí non distinguirei ambas as tendencias vixentes ao tratar deste grupo de autores, dado que os elementos que teñen en común son moitos.

O xénero que probabelmente acadou máis calidade é a poesía. Case todos os autores xoves cultivávanla con maior ou menor éxito. quen primeiro publicou en galego de entre estes autores foi Crisanto Veiguela (A Veiga del Eo, 1959). Toda a súa obra poética está diseminada en revistas, utilizando igualmente o galego padró como o galego eonaviego. A súa poesía é moi intimista, señardosa e de canto á terra e á paisaxe que o viron nacer. Unha mostra do seu labor literario é este poema, escrito en ortografía reintegrada, a habitual neste autor:

*Chegou a primavera
e acaleceu a terra com el gozo
de sentir-se outra vez capaz de prodigar-se...
a vida no sou sem se remexeu
desacougada e louca
com el latir inquieto da chamada
a cumprir sou destino fecundante
porfia ancestral
e paroxismo breve
que a todo el que ta vivo algua vez toca.*

Crisanto Veiguela é ademais traductor ao galego, estudioso literario e escribiu algún relato en prosa, seguindo a tradición da anécdota ou parzamique (*El leite mouro*).

Xosé Miguel Suárez (Mántaras, Tapia, 1965) é un autor moi preocupado polo idioma. O seu primeiro poemario que apareceu publicado en galego asturiano foi *Bidureiras de Inverno* (1990). Este mesmo escritor deu ao prelo en 1994 *Nas arribadas*, outro excelente poemario onde trata de se buscar a si mesmo que corre paralelo ao tempo que lle foxe, combinándoo cun canto á paisaxe do país e á muller amada. Ambos os libros seguen esa mesma liña, escritos nun galego moi coidado e rico en canto ao léxico. Unha mostra da súa poesía é este breve mais formosísimo poema:

*De entre el monte,
de entre as llouxas e el meiz,
manas como uha fontá
pero as ambozadas de augua
vânseme entre os didos.*

Suárez publicou, ademais, outros peomas soltos en revistas.

O seguinte poeta reseñábel é *Xavier Vilareyo* (Mieres del Camín, 1967), quen ten algún poema en galego (estándar e eonaviego) mais maioritariamente escribe en asturiano. A súa poesía é tamén unha procura de si mesmo e do tempo pasado. Evocación de paisaxes, xeralmente á beira do mar, pensamentos filosóficos e chamados á persoa amada. A súa poética en galego está toda en revistas. A concepción que o poeta ten da poesía, recóllea neste poema:

*O poeta prefere vivir a sobrevivir
na morte da literatura.
As baleas suicídanse en grupo na praia.
E un fume branco e mesto
condénsao todo en dúas palabras.*

Un cuarto poeta é Fredo de Carboxe (El Franco, 1967), autor do poemario *Mourén dos fondales*, obra na que hai, xa desde o título, omnipresencia das sombras. O poeta busca a iluminación, a luz, a través dos versos percorrendo así, como nos casos anteriores, a paisaxe, a terra e a lingua. Ten algúns poemas máis na obra *Muestra de nueva poesía*.

Entre os narradores cómpre citar a Xosé Carlos Álvarez Blanco, autor do libro *Serzo no lousado*, unha recompilación de varios parzamiques persoais da infancia e escritos cun vigor pouco común. Cada conto, moi breve, transmite un momento do pasado no que o porvir do autor quedou para sempre marcado.

CONCLUSIÓNS

Estes son os autores e os momentos máis importantes da literatura galega de Asturias ao longo do século XX. Hai unha importante diferenza entre os autores que citamos neste derradeiro período e mais o resto. Os elementos que os distinguen⁵, e que por tanto os caracterizan, son fundamentalmente: a) consideración do idioma galego como un vehículo de expresión cultural ao que hai que lle dar uns mínimos fundamentos normativos; b) concepto serie, moderno e realista da literatura debido á formación académica de todos eles. Percíbense influencias de toda caste, desde autores en español das xeracións do 98 á dos 50, poesía latinoamericana, portuguesa e, sobretudo, galega clásica desde o Rexurdimento (Rosalía, Curros e C. Emilio Ferreiro, principalmente), algún autor considérase mesmo debedor do basco Aresti; c) algúns dos escritores teñen xa contactos fortes co resto de escritores en galego (non só porque usan

⁵ Estas trazas son así en maior ou menor medida, dado que algúns dos escritores nados antes de 1960 e que comezaron a escribir despois de 1975 tamén participan dalgunhas destas características. Entre os que teñen un concepto máis moderno da literatura, e por tanto escapan do localismo e do festexeiro, están Adela Conde e Xosé Máximo Fernández entre outros.

decote o galego estándar) e tenden a espallar o coñecemento da súa relaidade lingüística e cultural fóra do seu ámbito xeográfico. Non ven a literatura coma un elemento folclórico senón coma unha realidade que ás veces lles resulta vital.

Desgraciadamente, a literatura galega desta banda de Asturias é aínda moi descoñecida. É lamentábel haber de dicir que desde o centro de Asturias algunhas institucións culturais, xornais, partidos políticos e persoas relevantes fan todo o posíbel por desacreditar esta realidade emerxente que enriquece o panorama cultural non só do Principado de Asturias senón de Galiza e ata da Península Ibérica. O que pretende ser un movemento literario pode acabar sendo unha manifestación festexeira por razóns políticas. Con todo, fícame a esperanza de que os autores eonaviegos sexan cedo considerados parte do mundo literario galego, ao que fornecen moitas cousas, entre outras, un precioso dialecto que é tan vello coma o resto do idioma.

BIBLIOGRAFÍA

- ACEVEDO HUELVES, B. e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, M.: *Boal y su concejo*. Oviedo, 1898.
- *Los vaqueiros de alzada*. Oviedo, 1915
- *Vocabulario del bable de occidente*. Centro de Estudios Históricos. Madrid, 1932.
- ALONSO, D.: *Obras Completas, tomo 1, Del Occidente Peninsular*. Ed. Gredos, Madrid, 1972, pp. 291-533.
- “Enxebre”.
- “El gallego leonés de Ancares y su interés para la dialectología portuguesa” (en colaboración con Valentín García Yebra).
- “El saúco entre Galicia y Asturias (nombres y supersticiones)”.
- “Junio y julio entre Galicia y Asturias”.
- “Notas sobre léxico y etimología”
- “Dos voces portuguesas: *estiar, sotaque*”
- “Gallego-asturiano *engalar* “volar” (casos y resultados de velarización de n en el dominio gallego)”
- “Gallego *bordelo, abordelar* (sobre el par de encuarte en el Nordeste Peninsular)”.
- “Dos palabras gallego-asturianas”.
- “Narraciones orales gallego-asturianas”
- “Ganado vacuno en San Martín de Oscos”.
- BABARRO GONZÁLEZ, X. *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación socio-lingüística*. Universidade de Santiago (no prelo).

- *Escolma da Obra de Antolín S. Mediante*, in *Britonia*, nº 1, Eilao (Asturias), 1995, pp. 11-71.
- CARBALLO CALERO, R.: *Gramática Elemental del Gallego Común*, Ed. Galaxia, Vigo, 1971.
- *Historia da literatura galega* (vid. a sección *Os Poetas da Dereita do Eo*, onde cita a Antolín Santos Mediante, Conrado Villar Loza e R. García González). Galaxia, Vigo, 1975.
- FERNÁNDEZ Y FERNÁNDEZ, M.: *El Franco y su concejo*. Oviedo, 1898.
- FRÍAS CONDE, F.X.: “*Los derivados de ille e illud en el gallego de Asturias*”, en *Revista de Filología Románica*, nº 10, pp. 241-252, Universidad Complutense de Madrid, 1993.
- “*Sobre os bloques dialectais do galego: unha nova proposta*”, en *Revista de Filología Románica, Homenaje a Pedro Peira* (no prelo)
- *O galego exterior ás fronteiras administrativas*. Tese de doutoramento inédita. Universidad Complutense de Madrid, 1995.
- “*A literatura asturiana en galego dende 1975*”, en *Actas de la IV Xunta d'Escritores Asturianos*, pp. 111-124. Servicio de Publicaciones del Principado de Asturias. Oviedo 1997.
- *Proposta de normativa para o galego de Asturias. A Freita*, nº 10 e 11. Eilao, Asturias 1997-98
- GARCÍA GARCÍA, J.: *El habla de El Franco*, Instituto Bernaldo Quirós, Mieres del Camino, 1983.
- GARCÍA RENDUELES, R. *Los nuevos hablistas* (Xixón, 1925) recolle a Ramón García nas páxs.335-337.
- LABANDERA CAMPOAMOR, J. A.: “*Cocinas y lareras típicas de la comarca del Eo*”, en *BIDEA XXIV*, pp. 463-478, Oviedo, 1970.
- MUÑIZ, C.: *El habla del Valledor*. Academische Pers., Amsterdam 1978.
- RODRÍGUEZ-CASTELLANO, L.: “*Palatalización de L- inicial en la Asturias de habla gallega*”. *Verba*, 2, 1975.
- *Aspectos del hablé occidental*. IDEA, Oviedo, 1954.
- SUÁREZ, X.M.: *Apuntes sobre a literatura en galego asturiano*. in *Lletres Asturianas*, nº 58. pp. 21- 22.
- VV.AA.: *Lingua e cultura galegas de Asturias*. Ed. Xerais, Vigo, 1994. Dentro desta obra merece especial interese o artigo:
- MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, C.: *Semántica e pragmática da literatura oral na Terra Navia-Eo*.
- VV.AA.: *Normas ortográficas e morfolóxicas del gallego de Asturias*. MDGA, Eilao, 1991.